

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 26 de abril de 2018, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único. Proposicións non de lei**

- 1.1 8621 (10/PNC-000908)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de evitar o peche de camas e a derivación de doentes á sanidade privada, durante os meses de verán, nos centros hospitalarios do Sergas  
*Publicación do acordo, BOPG n.º 112, do 10.05.2017*
- 1.2 18697 (10/PNC-001516)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis  
Sobre a creación pola Xunta de Galicia dun consello galego da infancia e a adolescencia como organismo participativo nas políticas públicas do Goberno galego e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto, así como no fomento do desenvolvemento da participación da infancia e da adolescencia nos consellos locais, de acordo coa Fegamp, con especial atención á participación en igualdade de condicións dos nenos con diversidade funcional  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 194, do 17.10.2017*
- 1.3 27154 (10/PNC-002097)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Solla Fernández, Eva  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para resolver as deficiencias estruturais e as carencias de persoal existentes no Centro de Saúde de Pazos de Borbén  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272, do 07.03.2018*
- 1.4 27358 (10/PNC-002117)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis  
Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde en relación coa posibilidade de inclusión das novas tecnoloxías de control da Diabetes Mellitus na carteira de servizos do Sistema Nacional de Saúde  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 276, do 14.03.2018*

- 1.5 28476 (10/PNC-002242)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre a dotación polo Goberno galego no ano 2018 das infraestruturas e dos medios humanos e materiais necesarios para a residencia de persoas maiores de Campolongo, en Pontevedra, para corrixir as deficiencias existentes e mellorar a atención ás persoas usuarias  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 287, do 04.04.2018*
- 1.6 28714 (10/PNC-002264)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e 2 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas carencias e deficiencias que presentan en materia de infraestruturas e dotación de persoal os centros de atención primaria da comarca do Condado-Paradanta, e, en particular, o Centro de Saúde de Pontearreas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 289, do 11.04.2018*
- 1.7 28724 (10/PNC-002265)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia, en coordinación co Comité de Empresa da Consellería de Política Social, en relación coa Residencia de Maires de Pontevedra  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 289, do 11.04.2018*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez  
Presidenta da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 18/04/2018 16:47:44**